



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

# Fonética e Fonoloxía Históricas do Galego

Ramón Mariño Paz

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO**  
**2011/2012**

FACULTADE DE FILOLOXÍA. DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

AUTORES: Ramón Mariño Paz

Edición electrónica. 2011

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

## 1. DESCRICIÓN DA MATERIA

**Nome da materia:** Fonética e fonoloxía históricas do galego

**Código:** G5051322

**Tipo:** Obrigatoria

**Titulación:** Grao en Lingua e Literatura Galegas

**Curso:** 3º

**Cuadrimestre:** 1º

**Créditos:** 6 ECTS

**Lingua en que se imparte:** galego

**Profesores:** Ramón Mariño Paz ([ramon.marino.paz@usc.es](mailto:ramon.marino.paz@usc.es)) (despacho 215)

**Titorías:** martes (11-13 h., 18-19 h.) e mércores (11-13 h., 17-18 h.) .

**Sentido da materia na titulación:** A materia de *Fonética e fonoloxía históricas do galego* é unha das catro que compoñen o módulo de *Variación, cambio lingüístico e metodoloxía* (24 ECTS), que por súa vez forma parte do Maior en *Lingua e Literatura Galegas*. Se un dos obxectivos deste Maior é que os alumnos adquiren unha completa formación en todo o tocante ao coñecemento da estrutura da lingua galega, das súas variedades históricas, xeográficas, sociais e contextuais e do seu status sociolingüístico, unha das metas que se persegue co módulo de *Variación, cambio lingüístico e metodoloxía* é a de que os estudantes cheguen a coñecer as liñas mestras do proceso de transformación que conduciu desde o latín vulgar galaico ata o galego moderno, e isto tanto no plano fonético e fonolóxico coma no morfolóxico e no sintáctico. Xa que logo, coa materia de *Fonética e fonoloxía históricas do galego* preténdese, en primeiro lugar, que os alumnos adquiren algúns coñecementos básicos sobre a mudanza lingüística e sobre o latín vulgar para que, a partir deles, poidan estudar o proceso constitutivo do sistema fonolóxico do galego medieval e, posteriormente, as mudanzas que conduciron desde o sistema do galego medieval ata o do galego moderno. En cada unha destas fases históricas farase unha aproximación á variación lingüística coetánea. No desenvolvemento das actividades docentes desta materia presupóñense os coñecementos impartidos en *Historia da lingua galega*.

## 2. OBXECTIVOS DA MATERIA

No marco dos obxectivos xerais do módulo de formación e do grao en que se integra, o obxectivo principal que se persegue coa materia de *Fonética e fonoloxía históricas do galego* é que o alumno coñeza as liñas mestras do proceso de

transformación que conduce desde o sistema fonolóxico do latín ata o sistema fonolóxico do galego medieval e, posteriormente, desde o sistema medieval ata o moderno. Esta aprendizaxe realizarase sobre a base da previa adquisición dalgúns coñecementos básicos sobre o cambio lingüístico, a lingüística histórica e o latín vulgar.

Como obxectivo práctico perséguese que os alumnos sexan capaces de distinguir as características gráficas e fonéticas de textos galegos de diferentes épocas, conectándoas de maneira crítica cos contidos de sociolingüística histórica adquiridos na materia de *Historia da lingua galega*.

### **3. COMPETENCIAS**

- Coñecer os principios do estudo do cambio lingüístico e algunhas nocións fundamentais en lingüística histórica.
- Coñecer unha tipoloxía básica das mudanzas fonéticas.
- Coñecer algunhas nocións elementais sobre o latín vulgar: concepto, fontes de estudo, trazos máis sobranceiros.
- Coñecer as principais mudanzas fonéticas e fonolóxicas que conducen desde o latín ata o galego medieval e desde o galego medieval ata o galego moderno.
- Identificar nun texto as características gráficas e fonéticas que axudan a situalo na historia da lingua galega.

### **4. CONTIDOS**

#### **4.1. Programa das sesións expositivas (30 horas)**

##### 1. Variación e cambio lingüístico

1.1. As dimensións da variación lingüística e a covariación

1.2. O cambio nas linguas e o seu estudo

1.2.1. Aproximación intuitiva ao cambio

1.2.2. As fases do cambio: innovación e difusión

1.2.3. Motivacións para a xeración de innovacións lingüísticas

1.2.4. Tipoloxía básica dos cambios fonéticos

1.2.5. Fontes de estudo

2. Latín vulgar: concepto, fontes de estudo e características fonéticas básicas

3. Voces patrimoniais, cultas e semicultas

4. Formación do sistema fonolóxico do galego medieval

4.0. O sistema gráfico medieval

#### 4.1. Vocalismo

4.1.1. O sistema vocálico latino

4.1.2. Vocalismo tónico

4.1.3. Vocalismo átono

4.1.4. Vogais nasais

4.1.5. Os hiatos

4.1.6. Os ditongos

#### 4.2. Consonantismo

4.2.1. Panorámica xeral da evolución do consonantismo

4.2.2. Evolución das consoantes non agrupadas

4.2.3. Evolución dos grupos formados por consoante e semiconsoante

4.2.4. Evolución dos grupos consonánticos

#### 5. Do sistema fonolóxico do galego medieval ao do galego moderno

5.1. Cuestións gráficas

5.2. Vocalismo

5.3. Consonantismo

#### **4.2. Programa das sesións interactivas (15 horas)**

1. Presentación da materia (12 de setembro)

##### **Variación e cambio lingüístico**

2. Tipoloxía básica dos cambios fonéticos (teoría) (19 de setembro).

3. Tipoloxía básica dos cambios fonéticos (práctica) (26 de setembro). Para esta práctica os alumnos traerán respondido por escrito o exercicio que o profesor lles asignará previamente.

4. Lectura e comentario de Paul M. Lloyd (1993): “Cambio fonético y leyes fonéticas”, in *Del latín al español*. Madrid: Gredos, pp. 1-5 (3 de outubro). Será realizada polo profesor.

## **Latín vulgar: concepto, fontes de estudo e características fonéticas básicas**

5. O *Appendix Probi*. Comentario fonético a cargo do profesor. Léase en Ivo Castro (1991): *Curso de historia da lingua portuguesa*. [Colaboración de: Rita Marquilhas e J. León Acosta]. Lisboa: Universidade Aberta, pp. 91-93 (10 de outubro).

## **Formación do sistema fonolóxico do galego medieval**

6. O sistema gráfico medieval (teoría) (17 de outubro).
7. Comentario gráfico e fonolóxico dun documento notarial de 1231 a cargo do profesor. Léase en J. A. Souto Cabo (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía*. Universidade da Coruña, pp. 51-54 (24 de outubro).
8. Comentario gráfico e fonolóxico do capítulo 3 da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) a cargo do profesor. Léase en R. Lorenzo (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, vol. 1, pp. 6-8 (31 de outubro).
9. Comentario gráfico e fonolóxico das liñas 1-26 do capítulo 177 da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312). Os alumnos deberán traelo por escrito e entregaranllo ao profesor o día que teña lugar esta clase interactiva. Para o comentario utilizaranse como modelos os realizados previamente nas clases interactivas 7 e 8: deberase facer, por tanto, unha descrición das representacións gráficas das vogais /i/ e /u/ (indicando os casos de <u> e <v> con valor consonántico), das consoantes palatais (nasal, lateral e fricativas), das fricativas ápticoalveolares e das africadas predorsodentoalveolares do texto; tamén se indicarán os valores do til de nasalidade no texto analizado. O texto que se debe comentar encóntrase en R. Lorenzo (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, vol. 1, pp. 307-308 (7 de novembro).
10. Análise gráfica das liñas 12-22 do capítulo 75 da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) e estudo da transformación fonética dalgunhas voces entre o latín e o galego medieval. Este exercicio será realizado polo profesor na aula. O texto encóntrase en R. Lorenzo (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, vol. 1, pp. 111-112 (14 de novembro).

## **Do sistema fonolóxico do galego medieval ao do galego moderno**

- 11 e 12. Comentario gráfico e fonolóxico do romance de María Francisca de Isla ao cura de Fruíme (ca. 1774-1777). Será realizado polo profesor. Léase en R. Mariño Paz (2007): “Edición e estudo lingüístico do romance de María

Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruíme (ca. 1774-1777)”, *Revista Galega de Filoloxía* 8, pp. 57-98 (21 e 28 de novembro).

- 12 e 13. Comentario gráfico e fonolóxico da obra en galego de Antonio Benito Fandiño (1779-ca. 1834). A obra en galego de Fandiño pódese ler en R. Mariño Paz / X. R. Barreiro Fernández / R. Aneiros Díaz (2008): *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Na USC virtual ofrécese o PDF d’A *Casamenteira* (Ourense, 1849) (28 de novembro e 12 de decembro).
14. Análise gráfica das liñas 1-12 do capítulo 197 da *Crónica Xeral Galega* (1295-1312) e estudo da transformación fonética dalgunhas voces entre o latín e o galego moderno. Os alumnos deberán traelo por escrito e entregaranllo ao profesor o día que teña lugar esta clase interactiva. Para o comentario utilizaranse como modelo o realizado previamente na clase interactiva 9. O texto que se debe comentar atópase en R. Lorenzo (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, vol. 1, p. 335 (19 de decembro).

## 5. BIBLIOGRAFÍA

### 1. *A lingüística histórica e o cambio lingüístico*

Aitchinson, J. (1993): *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?* Barcelona: Ariel.

Bynon, Th. (1981): *Lingüística histórica*. Madrid: Gredos.

Labov, W. (1994/2001): *Principles of Linguistic Change*. 2 vols [Volume 1: *Internal Factors*, 1994; Volume 2: *Social Factors*, 2001]. Oxford UK and Cambridge USA: Blackwell.

Penny, R. (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.

Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística*. Universidade de Santiago de Compostela, caps. 6, 7 e 8.

### 2. *Historias da lingua*

Castro, I. (2006): *Introdução à História do Português*. 2ª ed. Lisboa: Edições Colibri.

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mariño Paz, R. (2008): *Historia de la lengua gallega*. München: Lincom.

- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Teysier, P. (1980): *Histoire de la langue portugaise*. Paris: PUF. Trad. ao portugués: *História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa Editora, 1982.

### 3. Lingüística histórica galega e portuguesa

- García de Diego, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez. Ed. facsímil: Anexo 23 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Huber, J. (1933): *Altportugiesisches Elementarbuch*. Heidelberg: Carl Winter. Trad. ao portugués: *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, 1986.
- Lloyd, P. M. (1993): *Del latín al español. I. Fonología y morfología históricas de la lengua española*. Madrid: Gredos.
- Lorenzo, R. (1992): “Algunhas consideracións sobre a evolución do sistema consonántico do galego medieval ó moderno”, in J. Kabatek / A. Schönberger (Hrsg.): *Sprache, Literatur und Kultur Galiciens. Akten des 2. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik un Katalanistik (Berlin, 10.-12. September 1992)*. Lusitanischer Teil, Bd. 1. Frankfurt am Main: TFM / Domus Editoria Europaea, 1993, pp. 13-26 [Sobre o problema das relacións entre oclusiva bilabial sonora, fricativa bilabial sonora e fricativa labiodental sonora e sobre a evolución do subsistema de sibilantes].
- Lorenzo, R. (1993): “Algunhas consideracións sobre a evolución do vocalismo galego e portugués”, in *Actas do VIII Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: APL, pp. 9-26 [Sobre os ditongos *ei, ou, oi/ui* e o hiato *eo/ea*].
- Lorenzo, R. (1995): “La koiné gallega”, in G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 2, 2, pp. 649-679.
- M[ariño] P[az], R. / X. V[arela] B[arreiro] (2000): “Historia da lingua galega”, in *Apéndice da Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XXXIV, pp. 213-238.
- Mariño Paz, R. (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacementa. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 de la *Revista Galega de Filoloxía*. Universidade da Coruña.

- Nunes, J. J. (1919): *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*. Lisboa: Livraria Clássica Editora; 1989<sup>9</sup>.
- Vidal Figueiroa, T. (1997): “Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo”, *Verba* 24, pp. 313-332.
- Williams, E. B. (1938): *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Philadelphia/London: Oxford University Press. Trad. ao portugués: *Do Latim ao Português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1961; 1975<sup>3</sup>.

#### 4. Edicións e estudos de textos galegos medievais e modernos

- Afonso X, O Sábio (1959-1972): *Cantigas de Santa Maria*. Editadas por Walter Mettmann. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reimpr: Vigo: Xerais, 1981, 2 vols., con “Limiar” de Ramón Lorenzo.
- Lorenzo, R. (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”.
- Lorenzo, R. (1985): *Crónica Troiana*. Introducción e texto. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referências à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.
- Mariño Paz, R. (2007): “Edición e estudo lingüístico do romance de María Francisca de Isla y Losada ao cura de Fruíme (ca. 1774-1777)”, *Revista Galega de Filoloxía* 8, pp. 57-98.
- Mariño Paz, R. / X. R. Barreiro Fernández / R. Aneiros Díaz (2008): *Papés d’emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Sarmiento, Fr. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.

#### 5. Dialectoloxía e cartografía lingüística

- Cintra, L. F. Lindley (1983): *Estudos de Dialectologia Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.

Fernández Rei, F. / C. Hermida Gulías (eds.) (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega. [Dispoñible en <http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>].

Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 1: *Morfoloxía verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

#### 6. Lingüística románica e latín vulgar

Herman, J. (1997): *El latín vulgar*. Barcelona: Ariel.

Lausberg, H. (1956-1962): *Romanische Sprachwissenschaft*. Berlin: W. de Gruyter. Trad. ao portugués: *Linguística românica*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, 1974.

Neto, S. da Silva (1957): *História do latim vulgar*. Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica; reed.: Rio de Janeiro: Ao Livro Técnico, 1977.

Tagliavini, C. (1949): *Le origini delle lingue neolatine*. Bologna: Casa Editrice Prof. Riccardo Patron; 1969<sup>5</sup>.

Väänänen, V. (1963): *Introduction au latin vulgaire*. Paris: Klincksieck; 1981<sup>3</sup>. Trad. ao castelán: *Introducción al latín vulgar*. Madrid: Gredos, 1971; 1985<sup>2</sup>.

Vidos, B. E. (1956): *Handboek tot de romaanse taalkunde*. Malmberg: Saltertogenbosch. Traducción española da edición italiana de 1959: *Manual de Lingüística Románica*. Madrid: Aguilar, 1963; 1977<sup>2</sup>.

#### 7. Dicionarios etimolóxicos

Corominas, J. / J. A. Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].

Cunha, A. Geraldo da (1994): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira; 1ª ed.: 1982.

## 8. Recursos en rede

García Gondar, F. (dir.): *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (<http://www.cirp.es/biblio0.html>).

González Seoane, E. X. (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Anexo de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Universidade de Santiago de Compostela. [Dispoñible en <http://sli.uvigo.es/DDGM/>]

TILG: A. Santamarina (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.ti.usc.es/TILG/>).

TMILG: X. Varela Barreiro (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega / Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://ilg.usc.es/tmilg/>).

## 6. METODOLOXÍA DA ENSINANZA

Especifícanse a seguir as metodoloxías que se seguirán en cada un dos tres tipos de actividades presenciais que están programadas.

### 6.1. Sesións expositivas

Nestas sesións o profesor impartirá os coñecementos teóricos e metodolóxicos que os alumnos deberán aprender nesta materia. As exposicións acompañaranse regularmente do comentario de textos e documentos de cronoloxía e natureza diversa.

### 6.2. Sesións interactivas

Nestas sesións traballaranse de maneira aplicada algúns dos contidos do programa que son especialmente relevantes. Nas primeiras sesións abordaranse teórica e practicamente algúns contidos integrados na sección de *Variación e cambio lingüístico* e na de *Latín vulgar: concepto, fontes de estudo e características fonéticas básicas*. Da sexta sesión en diante as clases interactivas dedicaranse á análise gráfica e fonolóxica de textos medievais e posmedievais, intercalando dous exercicios (10 e 14) en que tamén se analizarán as transformacións fonéticas experimentadas por palabras concretas.

Os alumnos terán que realizar tres exercicios que entregarán nas sesións 3 (26 de setembro), 9 (7 de novembro) e 14 (19 de decembro). Sobre os contidos destes exercicios, ademais da información dispoñible na sección 4.2 desta guía docente, daranse indicacións e ofreceranse materiais tanto na aula coma na USC virtual.

Estas clases interactivas serán dirixidas polo profesor, mais contarase sempre coa participación dos estudantes, que será obxecto de avaliación.

### 6.3. Titorías programadas

Estas titorías dedicaranse á orientación dos traballos que os alumnos deben presentar ao profesor e á resolución de dúbidas. De ser o caso, dedicaranse tamén a exercicios de lectura de textos de diferentes épocas e á resolución de dúbidas sobre os contidos da materia.

### 7. Avaliación

Para o cálculo da nota final adoptaranse os seguintes criterios:

1. O exame, fixado oficialmente para o día 23 de xaneiro de 2012, valerá o 60% da nota final.
2. Os tres exercicios que se deberán preparar para as clases interactivas 3, 9 e 14 supoñerán o 30% da nota final (10% cada un). Deberanse repetir aqueles traballos en que a nota obtida fose 4 ou menos de 4. A data límite para a entrega dos traballos repetidos será a do día do exame, é dicir, o 23 de xaneiro de 2012. Voluntariamente, tamén se poderán repetir os traballos nos que se teña unha cualificación inferior a 5.
3. A participación do alumno na aula supoñerá o 10% da nota.

Deberase alcanzar un mínimo de 4,5 puntos tanto no exame coma no conxunto dos tres exercicios prácticos. A media xeral terá que ser, como mínimo, de 5.

Os alumnos que teñan que presentarse ao exame do 4 de xullo de 2012 repetirán aqueles exercicios prácticos en que non alcanzasen un mínimo de 4,5 puntos e entregaranos o mesmo día do exame.

Dado que os alumnos que cursan o Grao en Lingua e Literatura Galegas deben conseguir un perfecto dominio oral e escrito do idioma galego, nos traballos e exames penalizaranse as faltas de ortografía e os erros gramaticais, léxicos, etc. que se cometan. Tamén se penalizarán as incorreccións da expresión oral que se observen nas distintas intervencións que os alumnos fagan na aula.

### 8. Planificación das actividades

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO	XULLO
12	3	2	12	9	
Sesión interactiva 1	Sesión interactiva 4	Sesión expositiva:	Sesión interactiva 13	Sesión interactiva	

		tema 4		15	
13	4	7	13	10	
Sesión expositiva: tema 1	Sesión expositiva: tema 2	Sesión interactiva 9	Sesión expositiva: tema 4	Sesión expositiva: tema 5	
14	5	8	14	11	
Sesión expositiva: tema 1	Sesión expositiva: tema 2	Sesión expositiva: tema 4	Sesión expositiva: tema 5	Sesión expositiva: tema 5	
19	10	9	19		
Sesión interactiva 2	Sesión interactiva 5	Sesión expositiva: tema 4	Sesión interactiva 14		
20	11	14	20		
Sesión expositiva: tema 1	Sesión expositiva: tema 3	Sesión interactiva 10	Sesión expositiva: tema 5		
21	17	15	21		
Sesión expositiva: tema 1	Sesión interactiva 6	Sesión expositiva: tema 4	Sesión expositiva: tema 5		
26	18	16			
Sesión interactiva 3	Sesión expositiva: tema 4	Sesión expositiva: tema 4			
27	19	21			
Sesión expositiva: tema 1	Sesión expositiva: tema 4	Sesión interactiva 11			
28	24	22			
Sesión expositiva: tema 1	Sesión interactiva 7	Sesión expositiva: tema 4			
	25	23			
	Sesión	Sesión			

	expositiva: tema 4	expositiva: tema 4			
	26 Sesión expositiva: tema 4	28 Sesión interactiva 12			
	31 Sesión interactiva 8	29 Sesión expositiva: tema 4			
		30 Sesión expositiva: tema 4			

### 9. Distribución da carga horaria das actividades

<b>Actividades presenciais</b>	<b>Horas</b>	<b>Actividades non presenciais</b>	<b>Horas</b>
Clases expositivas	30	Estudo	50
Clases interactivas	15	Preparación das sesións interactivas	20
Tutorías programadas	2	Lecturas	20
Exames	3	Preparación de exames	10
<b>Total de horas de actividades presenciais</b>	<b>50</b>	<b>Total de horas de actividades non presenciais</b>	<b>100</b>